



NARÓN IMPULSA

**PROGRAMA DA SUBVENCIÓN ÁS EMPRESAS
E AUTÓNOMOS/AS DE NARÓN**



NARÓN IMPULSA

⇒ FINALIDADE DA SUBVENCIÓN

Axudar economicamente, ante a crise sanitaria provocada pola COVID-19, **ás persoas autónomas, microempresas e pequenas empresas de Narón, calquera que sexa a súa fórmula xurídica**, que tiveron que paralizar (suspender) a súa actividade pola declaración do estado de alarma ou viron reducida a súa facturación polo menos nun 75%, tal como establece o artigo 17 do Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19

Co obxectivo de manter a actividade económica e o emprego.

⇒ QUEN PODE SOLICITAR ESTA SUBVENCIÓN. REQUISITOS DOS/AS SOLICITANTES

- **Beneficiarias da prestación extraordinaria por cesamento de actividade.**
- **Beneficiarias** dalgunhas das seguintes prestacións económicas da Seguridade Social: **por incapacidade temporal, maternidade/paternidade, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural e, se cubriran a súa ausencia na actividade contratando persoal por conta allea**, como mínimo ata o 13 de marzo de 2020.



NARÓN IMPULSA

Deberán demostrar que desenvolven unha actividade afectada polo peche de establecementos como consecuencia da declaración do estado de alarma ou que sufriu unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención (abril 2020) de polo menos o 75%, en relación coa media do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma (setembro 2019-febreiro 2020) ou o período de actividade, se é menor aos 6 meses.

Que realicen a súa actividade en Narón (endereço fiscal ou local de desenvolvemento da actividade). Que estean ao corrente coas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, sen débedas pendentes con ningunha administración.

Só poderá ser subvencionada **unha solicitude por empresa**, aínda que varias/os socias/os da empresa sexan traballadoras/es autónomas/os titulares e, polo tanto, beneficiarias/os e con dereito á prestación extraordinaria por cesamento de actividade. Tamén só será subvencionada unicamente unha empresa, **independentemente de ter varios centros de traballo ou ter de alta varias actividades económicas** coincidentes cos CNAE subvencionables. Queda excluído o persoal autónomo colaborador.

En ningún caso o importe da subvención unido ao doutras posibles subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado poderá superar



NARÓN IMPULSA

a diminución de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.

⇒ CONTÍAS A COBRAR

- **2.000 €** a aquelas persoas físicas ou xurídicas **sen persoal por conta allea ao seu cargo ou ata 2 traballadoras/es** (inclusive), a día 1 de marzo de 2020.
- **3.000 €** a aquelas persoas físicas ou xurídicas cun cadro de persoal **entre 3 e ata 9 traballadoras/es** (inclusive), a día 1 de marzo de 2020
- **4.000 €** a aquelas persoas físicas ou xurídicas cun cadro de persoal **entre 10 e ata 49 traballadoras/es** (inclusive), a día 1 de marzo de 2020.

A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia competitiva. Establécese como criterio de valoración a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, e debe reunir a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria. En caso de non presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data para os efectos de orde de prelación para a concesión a data de presentación no rexistro de entrada da última documentación relativa á devandita solicitude.



NARÓN IMPULSA

As resolucións de concesión dítaranse non prazo máis breve posible, despois de cumprir co procedemento, para poder realizar os pagos correspondentes a cada solicitude concedida, nas contías indicadas, nun pagamento único, mediante transferencia bancaria.





O orzamento total deste programa da subvención ascende a **3.000.000 €**.

CANDO E COMO PODO SOLICITAR ESTA SUBVENCIÓN

As solicitudes estarán dispoñibles na sede electrónica do Concello de Narón e tramitaranse por vía telemática.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Xunto coa solicitude haberá que acompañar a seguinte documentación:

-  DNI (NIE) ou CIF, segundo o caso
-  Certificado actualizado de situación censual
-  Informe de vida laboral da empresa no que conste o número de traballadoras/es a día de 1 de marzo de 2020
-  Modelo datos bancarios do Concello de Narón



NARÓN IMPULSA

- Documento xustificativo de ser beneficiaria/o da prestación extraordinaria por cesamento de actividade ou por IT, maternidade/paternidade ou risco durante o embarazo/lactación
- Autorizacións varias (AEAT e TXSS) e certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria de Galicia
- Contrato de constitución da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica; e escritura de constitución e os estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no correspondente Rexistro
- Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa e o DNI polas dúas caras ou NIE da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma

Para o caso do 2º perfil de beneficiarias/os terán que achegar tamén os seguintes documentos:

- Contrato de traballo formalizado para a substitución da persoa autónoma titular, debido á súa baixa por IT, maternidade/paternidade ou risco durante o embarazo/lactación
- A acreditación da redución da facturación á que se fai referencia e no período establecido. Realizárase mediante a achega da información contable que o xustifique.



NARÓN IMPULSA

Ademais de asinar unha declaración responsable que se anexa na solicitude da convocatoria, con diversas cuestións.

OBRIGAS COMO EMPRESA/PERSOA BENEFICIARIA DESTA SUBVENCIÓN

- 1** Manter a actividade empresarial pola que foi subvencionada ata o 31 de decembro de 2020.
- 2** Se é o caso, de ter empregadas/os ao seu cargo, **mantemento como mínimo dun 50 % do persoal** declarado no informe da vida laboral da empresa achegado no momento no que se presentou a solicitude.
- 3** Para o caso do 2º perfil de beneficiarias/os, a contratación laboral para a substitución do autónomo/a, ten que cubrir todo o período de tempo que dure a súa prestación de IT, maternidade/paternidade ou risco embarazo/lactación. Este/a traballador/a por conta allea non pode ser despedido/a, antes de que finalice a súa prestación económica.
- 4** Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.
- 5** Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións e, en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa,



NARÓN IMPULSA

obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas no artigo 14 da Lei xeral de subvencións.

- 6 Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei xeral de subvencións e as detalladas na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.

No mes de xaneiro de 2021, xustificará as obrigas esixidas, coa seguinte documentación:

- Certificado actualizado de situación censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.
- Resolución/certificación da alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutua profesional correspondente da persoa física ou da persoa administradora actualizado á data de presentación da xustificación.
- No caso de ter empregadas/os ao seu cargo, informe de vida laboral da empresa expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social que abarque os meses posteriores á concesión da subvención e ata decembro de 2020 (inclusive). Para o caso do 2º perfil de beneficiarias/os, o do/a traballador/a que substitúe ao/á autónomo/a con prestación por IT, maternidade/paternidade ou risco embarazo/lactación, o informe de vida laboral da empresa terá que abarcar o



NARÓN IMPULSA

período de duración da prestación económica. Ademais, para este 2º caso, documento(s) oficial(is) acreditativo(s) da duración, no(s) que conste a data de inicio e fin, da dita prestación económica.

- Declaración responsable do conxunto de axudas concedidas e/ou outros ingresos obtidos para a mesma finalidade.
- Documentación acreditativa da redución da facturación mediante a achega da documentación á que fai referencia o artigo 17.10 do Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo.

Se as persoas/empresas beneficiarias incumpren as obrigas descritas nos puntos a), b) e c) para ese caso concreto deste apartado, procederán ao reintegro do importe total da subvención, ademais do que establece a normativa de subvencións.

➡ **PARA MÁIS INFORMACIÓN**

A solicitude e as bases reguladoras estarán dispoñibles na sede electrónica: <https://sedeelectronica.naron.es>. No Catálogo de Servizos, no apartado "Procedementos Extraordinarios-COVID-19", Narón Impulsa.

Para calquera aclaración dirixirse ao correo electrónico: a.lagoa@naron.es ou ao seguinte teléfono de contacto: 981- 33 77 00, ext. 1123